

BASES REGULADORAS DA PROMOCIÓN “ACEBE XOGA BINGO”

1. ENTIDADE ORGANIZADORA

A Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos – Centro Comercial Aberto (ACEBE CCA) organiza unha promoción comercial baixo a modalidade de bingo, denominada “ACEBE XOGA BINGO”.

2. DURACIÓN E ÁMBITO XEOGRÁFICO

Período de compras válidas: desde o 8 de xuño de 2026 ata o 20 de xuño de 2026, ambos inclusive.

Lugar de aplicación: compras nos establecementos asociados a ACEBE CCA situados no municipio de Betanzos. Sorteio na Praza dos Irmáns García Naveira de Betanzos.

3. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN E OBTENCIÓN DE CARTÓNS

Poderán participar as persoas físicas maiores de 18 anos que realicen compras nos comercios asociados durante o período indicado. Queda prohibida a participación de menores de idade. Para obter un cartón de bingo, o participante deberá trocar os seus tickets de compra orixinais o día do evento, no espazo habilitado pola organización, conforme ás seguintes regras:

- Entregarase un cartón por cada ticket de 20 euros ou máis de compra.
- Os tickets son acumulables: pódense sumar varios tickets de diferentes importes ou comercios ata alcanzar os 20 euros.
- Os tickets de importe superior a 20 euros só dan dereito a un cartón.
- Existen 900 cartóns como máximo. Entregaranse por rigorosa orde de chegada ata esgotar existencias.

4. CALENDARIO DO EVENTO (SÁBADO 20 DE XUÑO DE 2026)

20:00 horas: comeza o troco de tickets e a entrega de cartóns na Praza dos Irmáns García Naveira de Betanzos.

21:00 horas: finaliza o troco (ou antes, se se esgotan os 900 cartóns) e da comezo a extracción de bolas do bingo.

5. PREMIOS

Establécense dous premios en especie, que non poderán trocarse por diñeiro:

- Premio á primeira liña: cesta de produtos valorada en 100 euros, aportada polo supermercado Gadis.
- Premio ao primeiro bingo: cesta composta por produtos dos establecementos socios de ACEBE CCA, valorada en 2.031,12 euros.

6. SISTEMA DE DESEMPATE EN CASO DE COINCIDENCIA

Dado que dous ou máis participantes poden completar a liña ou o bingo coa mesma bola, aplicarase o seguinte procedemento público e transparente:

Antes do inicio do bingo (21:00 horas), a organización depositará sobre a mesa dous sobres pechados, opacos e asinados.

- Sobre A: contén a instrucción “O gañador é o cartón cuxo número de serie sexa o máis próximo a 0”.
- Sobre B: contén a instrucción “O gañador é o cartón cuxo número de serie sexa o máis próximo a 900”.

No momento no que se produza un canto simultáneo de dous ou máis liñas ou bingos, un asistente do público elixirá un dos dous sobres ao azar.

Abrirase o sobre elixido e aplicarase a súa regra para proclamar ao único gañador. O sobre non elixido abrirase a continuación para comprobar a transparencia do proceso.

7. IMPOSTOS APLICABLES

- Taxa autonómica do xogo: ACEBE CCA asume o pago do 12% sobre o valor total dos premios ante a Axencia Tributaria de Galicia.

- IRPF:

O premio de 100 euros non está suxeito a retención por non superar o mínimo legal (300 euros).

O premio de 2.031,12 está suxeito a un ingreso a conta do 19% en concepto de IRPF. Dito ingreso será asumido integramente por ACEBE CCA, sin que o gañador deba pagar cantidade algunha. O premiado asinará o documento de entrega e recibirá posteriormente o certificado de retencións para a súa declaración anual da renda.

8. NORMAS XERAIS DE PARTICIPACIÓN

- Unha mesma persoa non pode resultar gañadora de máis dun premio nesta promoción

- Non poderán participar os empregados de ACEBE CCA nin os membros da súa xunta directiva.

- Os premios entregaranse unicamente a maiores de idade. No caso de que un gañador non poida acreditar a súa maioría de idade, perderá o dereito ao premio, que será asignado ao seguinte premiado conforme as regras do bingo.

- Os premios non son trocados por metálico nin se poderán cambiar por outro artigo.

9. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS E DEREITOS DE IMAXE

- Os datos persoais dos gañadores (nome, apelidos, DNI, domicilio e teléfono) serán tratados por ACEBE CCA coa única finalidade de xestionar a promoción. Ditos datos conservaranse durante o desenvolvemento da mesma.

- Os gañadores autorizan expresamente a ACEBE CCA a difundir o seu nome e apelidos nas reportaxes fotográficas, informativas e promocionais relacionadas coa campaña “ACEBE XOGA BINGO”, así como a captar e utilizar a súa imaxe para estes fins.

- Os participantes poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dirixíndose por escrito a ACEBE CCA (Praza Mestre Xosé Dapena, Nº1, 15300 Betanzos, A Coruña), acompañando copia do seu DNI. Así mesmo, teñen dereito a presentar reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

10. CONSULTA E ACEPTACIÓN DAS BASES

As presentes bases estarán dispoñibles durante a vixencia ou promoción na páxina web www.comerciodebetanzos.com.

A participación nesta promoción implica a aceptación íntegra destas bases. Calquera situación non prevista será resolta de forma inapelable pola xunta directiva de ACEBE CCA.